XUNTA DE GALICIA

COLEXIO EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA PLURILINGÜE SAN MARCOS

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

Curso 2026-2027

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

Índice:

1. Introdución: ... 3
2. O centro escolar. ... 3
3. Clasificación do comedor. ... 4
4. Prazas e axudas. ... 4
5. Calendario e horario de comedor. ... 5
6. Relación do persoal do servizo de comedor, retribucións e as súas funcións. ... 6
6.1. Relación do persoal do servizo de comedor escolar. ... 6
6.2. Retribucións: ... 7
6.3. Funcións dos diferentes membros do comedor escolar. ... 8
6.3.1. Dirección do centro. ... 8
6.3.2. Encargado de comedor. ... 9
6.3.3.Persoal de atención educativa, apoio e vixía do servizo de comedor: ... 10
6.3.4 Oficial de cociña. ... 16
6.3.5. Auxiliares de cociña. ... 17
6.3.6. Persoal auxiliar coidador: ... 17
6.3.7. Órganos de Consello Escolar. ... 18
6.3.8. Comisión de comedor. ... 18
7. Usuarios de comedor. ... 19
8. Traslado, xestión e asistencia. ... 20
9. Plan de actividades: ... 21
10. Obxectivos do comedor. ... 22
11. Normas de convivencia. ... 23
12. Tipificación de condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras. ... 25
12.1. Condutas contrarias á convivencia leves ... 25
12.2. Condutas contrarias á convivencia graves. ... 25
12.3. Condutas contrarias á convivencia moi graves. ... 26
13. Menús. ... 27
13.1. Elaboración, alerxias e intolerancias. ... 27
13.2. Hixiene. ... 29
13.3. Comidas testemuña. ... 30
14. Formas de pago. ... 30

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

15. Faltas de asistencia..... 32
16. Altas e baixas no comedor. 32
17. Xestión económica do comedor..... 33
18. Marco legal e bibliografía..... 34

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

1. Introdución:

O presente protocolo de funcionamento do comedor escolar é un documento elaborado polo Equipo directivo do centro onde se recollen as directrices de organización e o funcionamento do servizo do comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso 2026-2027.

Este protocolo formará parte da programación Xeral Anual do centro (PXA) enmarcando nel actuacións propias deste curso académico.

O ámbito de aplicación deste protocolo comprende aos usuarios do centro educativo que atende alumnado de Educación Infantil e Primaria.

Para un correcto funcionamento do servizo faise necesario elaborar este protocolo de uso de comedor no que as persoas usuarias e aquelas que traballan e/ou colaboran na prestación deste servizo, coñezan con precisión cales son as súas obrigas e os seus dereitos en relación co mesmo.

Neste protocolo deben aparecer, polo tanto, cales son as funcións das persoas que participan no servizo: persoal de cociña, persoal de atención ao alumnado de comedor, encargado de comedor e directora, como responsable do mesmo. Tamén, se sinalarán os dereitos e deberes do alumnado que recibe o servizo e das súas familias e como se organiza o comedor, entre outros aspectos básicos, para garantir un axeitado uso do mesmo.

2. O centro escolar.

O CEIP Plurilingüe San Marcos é un centro con máis de 50 anos de traxectoria. Está situado no municipio de Abegondo, provincia de A Coruña, dentro da comarca natural de As Mariñas dos Frades.

O censo do concello é de 5.578 habitantes no ano 2024 segundo o INE (Instituto Nacional de Estatística).

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

O centro conta con 17 unidades, 6 de Educación Infantil e 11 de Educación Primaria.

A xornada escolar é partida de outubro a maio (9.45-13.15 e 15.00-16.30), e mixta nos meses de setembro e xuño (9.45-14.15 e luns até as 16:30).

O comedor sitúase na planta baixa do edificio garantindo a accesibilidade de tódolos usuarios e usuarias.

3. Clasificación do comedor.

O comedor do CEIP Plurilingüe San Marcos está cualificado como tipo D (251 a 350 comensais).

O servizo de comedor do noso centro correspóndese coa modalidade de Xestión directa, como se recolle no artigo 2 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto:

"*Xestión directa da consellería con competencias en materia de educación, consistente na elaboración por persoal laboral da Xunta de Galicia dos menús nas dependencias do centro escolar, onde serán consumidos exclusivamente por comensais do dito centro ou, se é o caso, por comensais pertencentes a centros próximos autorizados para o efecto. Igualmente, considérase xestión directa da consellería o suposto en que a comida elaborada nun centro polo persoal de cociña propio sexa consumida nas dependencias doutro, ao que sexa transportada mediante a contratación dunha empresa especializada*".

A esta clasificación de comedor correspóndelle un oficial 2º de cociña e tres axudantes de cociña.

4. Prazas e axudas.

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso o centro reunirá e ordenará as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado matriculado no presente curso 2026-2027. Dende a Dirección incorporaranse os datos na aplicación correspondente, Comedores.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

Tal como se recolle nas instrucións anuais dos servizo do comedor escolar para este curso académico:

- O número de prazas autorizadas pola Consellería de Educación é de 350 usuarios. Nese número máximo entenderanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director/a, encargado/a, persoal de cociña, persoal colaborador e persoal coidador e análogos, no seu caso).
- O número de colaboradores autorizados é de 14.
- O importe diario que se establece como axuda ou bolsa para o financiamento para un servizo de comedor escolar catalogado como tipo D é de 2,39€ por alumno/a.

5. Calendario e horario de comedor.

O comedor escolar comezará e finalizará os días estipulados no calendario escolar do presente curso académico.

O horario da prestación é diferente en función da xornada escolar nunha única quenda.

Horario de setembro e xuño	**Horario de outubro a maio**
14:15- 15:15 h.	13:15-14:10 h.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

6. Relación do persoal do servizo de comedor, retribucións e as súas funcións.

6.1. Relación do persoal do servizo de comedor escolar.

Persoal do comedor	
Directora:	Sara Rodríguez Pereiro
Encargado de comedor:	Mª Luisa Castillo Sanabria
Persoal laboral de cociña:	Seco Torres, Pablo
	Antonio Mourín Servia
	Isabel Novo Mazás
	María Isabel Picallo Rey
Persoal auxiliar coidador:	María Jesús Vázquez Barros
Persoas colaboradoras:	14

Ademais, crease unha comisión de comedor no Consello Escolar composta por:

COMISIÓN DO COMEDOR ESCOLAR	
Directora:	Sara Rodríguez Pereiro
Secretaria:	Sandra Roo Casal
Representante docente:	Maika Rodríguez Domínguez
Representante das familias:	Noemí María Santos Lineros
Encargado de comedor escolar:	Mª Luisa Castillo Sanabria

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

6.2. Retribucións:

O importe do complemento por servizos extraordinarios ou, no seu caso, da compensación económica polos gastos de dedicación establecidos para o/a director/a do centro e o/a encargado/a do comedor abarcan a realización da totalidade das funcións e tarefas atribuídas normativamente, cifrándose en 14,46 €, por día de asistencia efectiva ao comedor, con independencia do número de quendas de comedor existentes.

O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros, que asuma responsabilidades na organización dos comedores escolares e na atención ao alumnado usuario do comedor, terá dereito a unha compensación económica, que será aboada en función dos días da súa asistencia efectiva ao comedor. Para isto, deberán firmar asistencia diaria na administración do centro educativo.

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o persoal docente e non docente do centro educativo ou da compensación económica polos gastos de dedicación e desprazamentos xerados pola colaboración no comedor escolar que percibirán os membros da comunidade escolar (nais, pais titores legais ou acolledores familiares do alumnado), será de 12,50 euros por día de asistencia efectiva ao comedor escolar, con independencia do número de quendas de comedor escolar existentes.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño do respectivo curso escolar. As mesmas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

Os aboamentos realizaranse tomando como fonte de información a que proporcione a aplicación COMEDORES, no mes seguinte a finalización do trimestre. Aos efectos de poder rexistrar na aplicación COMEDORES as colaboracións dos pais, nais, titores legais e acolledores familiares, estes deberán achegar NIF, ou no seu caso NIE, así como certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta e unha conta de correo electrónico.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

6.3. Funcións dos diferentes membros do comedor escolar.

6.3.1. Dirección do centro.

A función de dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que exerza a dirección do centro, que desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de verificar o axeitado cobramento das cantidades que, no seu caso, correspondan aos usuarios polo servizo de comedor.

a) Elaborar co equipo directivo o Protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da Programación Xeral Anual do centro.
b) Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar ó persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.
c) Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.
d) Estudar e elaborar o Proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
e) Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.
f) Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios/as del.
g) Facer as contratacións de subministración, se fora o caso, de acordo coa lexislación vixente.
h) Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.
i) Presidir, se fora o caso, a Comisión de comedor escolar.
j) Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para efecto remitirá á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

É responsabilidade da Dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

A tal efecto, antes do 30 de setembro do ano actual a Dirección do colexio especificará a identidade e circunstancias dos comensais.

Así mesmo, na última semana de cada trimestre, do curso 2025-2026, a Dirección reportará ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos das Xefaturas Territoriais, calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, para os efectos da oportuna regularización dos pagamentos efectuados e ás decisións de apartamento e perda da praza comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.

A Dirección do centro poderá delegar voluntariamente nun membro do claustro de posterior e profesores a súa presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e a este, se ben manterán as súas responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores. Neste caso, o docente delegado utilizará a praza do comedor reservada á dirección, en lugar de esta/e, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

Cando por cuestións organizativas sexa absolutamente imposible que sexa un docente, pode desempeñar esta función outra persoa da comunidade educativa sendo nai/pai, titor/a legal ou acolledor familiar de alumnado matriculado no centro.

6.3.2. Encargado de comedor.

A persoa encargada do comedor desempeñará a totalidade das funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013 en relación co artigo 10.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007, requiríndose para o efecto a súa presenza no comedor escolar. Esta persoa terá, preferentemente, a condición de persoal docente do centro, sexa membro ou non do equipo directivo, designado pola dirección do centro.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

A persoa encargada do servizo de comedor escolar terá as seguintes funcións:

a) Coordinar un Plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo comedor escolar.
b) Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.
c) Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.
d) Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.
e) Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.
f) Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da Comisión do servizo de comedor escolar.

Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

6.3.3.Persoal de atención educativa, apoio e vixía do servizo de comedor:

6.3.3.1. Características.

As características das persoas colaboradoras veñen anualmente recollidas nas Instrucións anuais que publica a Consellería.

Persoal do centro. Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: persoal de cociña, coidadores/as, educadores de educación especial, auxiliares de enfermaría e análogos con alumnado ao que asistan no comedor etc...).

Demais membros da comunidade educativa. Se fose precisa a participación dun membro da comunidade educativa que careza de relación funcionarial ou laboral coa consellería e se preste voluntariamente, para actuar como colaborador no comedor,

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

esta persoa, antes de asumir tal cometido, deberá asinar a declaración na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación. Tales funcións de colaboración no comedor só poderán ser desempeñadas por nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnado que estean cursando no curso 2026-2027 estudos no centro docente respectivo.

Estas persoas non poderán desempeñar as funcións de colaboración no comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que as realizasen durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2025-2026.

Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Xefatura Territorial que corresponda, excepcionar o cumprimento da regra xeral sinalada.

As colaboracións de pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado matriculado no centro, aceptaranse pola Dirección co acordo do Consello escolar, cando resulten necesarias para a atención ó alumnado por non existir persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia dispoñible en número suficiente. Implicará o compromiso, por dito persoal, colaborar coa comunidade educativa no coidado e vixilancia dos/as menores comensais, a aceptación polo persoal colaborador do sistema de organización previsto no presente Protocolo de funcionamento do comedor escolar e o seu compromiso de preavisar con tempo suficiente as súas ausencias, que deberán ser xustificadas, ou o cese da colaboración. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada a colaboración.

Priorizarase o persoal que poida dar continuidade ó servizo ó longo da totalidade da semana.

Nos centros de ensino con comedores que teñan autorizados pola Secretaría Xeral Técnica da consellería un número de persoas colaboradoras, que non poida cubrirse con persoal destinado no centro e cos pais, nais, titores legais e acolledores familiares dos escolares do mesmo, abrirase, con carácter excepcional, unha lista de inscrición de novas persoas colaboradoras voluntarias que reúnan a condición de seren

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

familiares do alumnado do centro, ex-colaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como o persoal que participe en programas de voluntariado social (concellos, ONGs).

6.3.3.2.Tarefas específicas e obrigas:

Esta colaboración voluntaria levarase a cabo baixo a propia iniciativa e autonomía, sen dependencia da Administración nin suxeición ao seu poder de dirección. Os colaboradores/as organizarán o seu traballo, en coordinación coa persoa encargada do servizo de comedor nas tarefas que se vaian realizar, dentro das previstas na normativa de desenvolvemento do Decreto 132/2013, polo cal poderán percibir por cada día de asistencia efectiva ao comedor compensación económica polos gastos que lle ocasiona a colaboración.

A colaboración implicará a vestimenta axeitada e emprego de mandilón. Cada colaborador/a terá unha posición establecida en función das necesidades designadas pola persoa responsable e/ou coordinadora.

É necesario desenvolver o deber de sixilo en relación ás necesidades e/ou situacións específicas do alumnado dentro e fóra do servizo de comedor, polo que non se trasladarán informacións relativas ó alumnado fóra do centro. Para iso, firmarán un documento no centro.

É obrigatorio deixar constancia de posibles accidentes durante o transcurso do servizo comedor e no seu caso traslado de información do acontecido á persoa responsable e/ou coordinadora do servizo.

O persoal colaborador empregará o tempo dentro do servizo para as tarefas encomendadas sen interrupcións ó profesorado relativas ó seguimento académico do alumnado.

O persoal colaborador realizará as achegas oportunas en relación ó desenvolvemento servizo ó persoal responsable e/ou encargado do mesmo que impliquen ó alumnado.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

A colaboración no comedor comporta o compromiso no coidado e vixilancia dos menores, a aceptación do sistema de organización e funcionamento do comedor e o seu compromiso de asistencia a de avisar das ausencias, que deben der xustificadas, previamente e con tempo suficiente. O incumprimento destas condicións será causa válida para que o centro dea por terminada dita colaboración.

Antes do comezo do servizo do comedor escolar e cada vez que se incorpore un colaborador/a novo o encargado de comedor exporalle as normas, funcións e compromisos que conleva o seu posto de traballo.

As persoas colaboradoras poderán sancionar condutas incorrectas dos alumnos e alumnas no comedor ou no período posterior no patio, debendo notificalas ás encargadas do comedor.

Así mesmo, cando por calquera motivo non poidan cumprir co horario, deberán notificalo con tempo suficiente, sempre que poidan, para atopar unha persoa substituta.

No momento en que algunha das colaboradoras incumpra con calquera das funcións especificadas neste protocolo, a dirección do centro resérvase o dereito de prescindir dos seus servizos.

- **Tarefas antes da chegada do alumnado ó servizo**:
  - ✓ Recollida de funcións encomendadas por parte da persoa responsable e encargada do servizo.
  - ✓ Acoller e acompañar ó alumnado para dar comezo á hora de comer.
- **Unha vez chegado ó alumnado:** .
  - ✓ Servir o primeiro prato.
  - ✓ Respectar as cantidades en relación ás directrices nutricionais e o menú.
  - ✓ Supervisar o proceso para que todo o alumnado probe os distintos alimentos, respectando os ritmos de cada un.
  - ✓ Retirar prato en conxunto cando os comensais rematen para comezar co segundo, do mesmo xeito desenvolverase o cambio á sobremesa.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

- **<u>Ó remate do xantar</u>**:
  - ✓ O alumnado será acompañado polo persoal colaborador ó espazo determinado, tendo en conta as inclemencias climáticas e necesidades organizativas.
  - ✓ Calquera outra tarefa encomendada pola persoa responsable e/ou encargada do comedor relacionada con dito servizo.
- **<u>Outras:</u>**
  - ✓ Vixiar os patios.
  - ✓ Acompañar e vixiar ao alumnado ao baño.
  - ✓ Nos meses de xuño e setembro encargaranse das saídas do alumnado. Cada titor/a deixará unha listaxe na porta co alumnado que vai cada día ao bus, á ludoteca ou é entregado ás familias; especificando, neste último caso, ás persoas autorizadas para elo.

6.3.3.3.Procedemento de selección do persoal de atención educativa, apoio e vixía do servizo do comedor.

A partir do 23 de xuño de 2026 e ata o 5 de setembro de 2026, exporase nos centros escolares o anuncio de apertura do prazo de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2026-2027.

Rematado o referido prazo, a Dirección do centro, tras acordo do Consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2026-2027 van colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos comensais, elixindo aquelas idóneas, que non tiveran oportunidade no curso 2026-2027 de colaborar no comedor escolar durante máis de 36 días.

No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores durante máis de 36 días no curso anterior non cubrira as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 ou da que corresponda, no caso de aprobarse unha nova orde que a substitúa, a Xefatura Territorial correspondente poderá autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais, titores legais ou acolledores

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

familiares de alumnos matriculados nos centros aínda que xa actuaran voluntariamente durante máis de 36 días no curso 2026-2027.

Para estes efectos, as direccións dos centros terán que presentar ante as Territoriais correspondentes os certificados de exposición e o resultado do anuncio de apertura do de admisión de solicitudes dos membros da comunidade educativa para actuar colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2026-2027.

A antedita autorización provisional estenderase ata o 19 de decembro de 2026, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso 2026-2027, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior.

A Lei Orgánica 8/2021 de 4 de xuño establece o seguinte:

- Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, asi como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais. Ao obxecto de garantir o cumprimento das citadas normas e no marco establecido por elas, todas as persoas que desexen colaborar no comedor escolar deberáselles esixir que acompañen coa solicitude de colaboración a acreditación de non ter sido condenado en sentencia firme por delitos sexuais.
- As persoas elixidas como colaboradores deberán achegar NIF, ou no seu caso NIE, así como certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta, a efectos de poder realizarlles os correspondentes pagamentos.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

- Asinarán tamén un documento referido á protección de datos e deber de sixilo ante o alumnado do centro.
- Estas persoas admitidas como colaboradores cesarán na súa actividade voluntaria no comedor escolar no caso de que no centro de ensino se reciba petición de colaborar proveniente de persoal funcionario e laboral destinado no colexio ou de pais, nais, titores legais e acolledores familiares do alumnado escolarizado no centro. De contar con solicitude en igualdade de condicións priorizarase aquelas que poidan desenvolver a atención ao servicio de xeito continuado, asistencia na totalidade dos días da semana.

6.3.4 Oficial de cociña.

Primordialmente encargaranse da recepción e comprobación da salubridade das materias primas requiridas, así como da súa axeitada conservación e da elaboración dos menús e o seu servizo ás mesas dos usuarios/as e da limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar no caso de persoal laboral.

- Elevar propostas á directora do centro para acadar un mellor funcionamento do servizo.
- Elaboración de comidas de acordo ao menú establecido: a función do xefe de cociña é a de elaborar os diferentes menús; as auxiliares colaborarán seguindo as directrices dadas polo xefe de cociña.
- Manifestar ao encargado do comedor e á directora as cantidades de comida precisas, da forma máis axustada posible para evitar excedentes.
- Solicitar os arranxos pertinentes para unha mellora do servizo do comedor escolar e, de acordo á lexislación en prevención de riscos laborais, á dirección do centro.
- Dar instrucións ás auxiliares de cociña, previo informe á directora do centro e ao encargado do comedor. Para evitar situacións de conflito laboral será a directora ou, no seu defecto, o encargado do comedor, quen dite as normas pertinentes.
- Coñecer as necesidades nutricionais dos/das alumnos/as de dieta e elaborar o menú de acordo ás mesmas.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

- Controlar o bo estado das mercadorías antes da elaboración da comida correspondente e informar inmediatamente á encargada do comedor de calquera anomalía que se poida producir de acordo ás mesmas.

6.3.5. Auxiliares de cociña.

- Executar as instrucións dadas pola dirección do centro, o encargado do comedor e o xefe de cociña.
- Realizar a limpeza das instalacións e o mantemento do comedor escolar.
- Formular á dirección calquera proposta que redunde no mellor funcionamento do servizo.
- Participar en actividades de formación permanentes.
- E todas aquelas que lles encomende a directora a través do encargado do comedor.

6.3.6. Persoal auxiliar coidador:

 Atender o alumnado nas:

- entradas e saídas do centro,
- hábitos de hixiene, aseo e alimentación,
- recreos, xogos e tempos de lecer,
- cambios de actividade,
- e demais necesidades análogas,

Potenciando sempre a súa autonomía e inclusión.

- Realizar os cambios e o control postural que o alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao coidado do alumnado durante todo o período lectivo, incluso dentro da aula, cando resulte necesario.
- Colaborar na atención durante os recreos, xogos e tempos de lecer.
- Atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo de lecer.
- Acompañar na ruta escolar, nos casos excepcionais en que sexa necesario.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

- Colaborar nas actividades complementarias nas que participe o alumno ou alumna.
- Participar nas reunións convocadas sobre o alumnado ao que atende, colaborando coa coordinación dos equipos docentes e do departamento de orientación.
- Realizar calquera outra función de contido análogo relacionada coas anteriores.

A intervención do persoal auxiliar coidador debe ser gradual, favorecendo cada vez máis a autonomía do alumnado.

O persoal auxiliar coidador é un recurso do centro, non dun alumno en exclusiva, polo que pode atender varios alumnos segundo as súas necesidades e o horario establecido polo equipo directivo.

6.3.7. Órganos de Consello Escolar.

É competencia do Consello escolar aprobar o Protocolo de funcionamento do comedor escolar a integrar na Programación Xeral Anual.

O menú será único para todos os usuarios/as do comedor escolar, excepto nos casos de alumnado que padeza calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico. Nestes casos, o Consello escolar do centro autorizará a que se sirvan menús adaptados ás súas necesidades.

- Coñecer o protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar.
- Coñecer o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro. Así mesmo, coñecerá a súa xustificación de gastos.
- Coñecer e aprobar os criterios de selección da lista de pais/nais ou titores legais colaboradores do servizo de comedor.

6.3.8. Comisión de comedor.

Existirá unha Comisión do servizo de comedor escolar dentro do Consello escolar, que será a mesma Comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do de comedor.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

Esta comisión desenvolverá as seguintes funcións:

a) Elaborar o Borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.
b) Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.
c) Propoñer ao Consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación equilibrada.
d) Elaborar e propoñer ao Consello escolar un Plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.
e) Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.
f) Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.
g) Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.
h) Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.

7. Usuarios de comedor.

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso o centro reunirá e ordenará as solicitudes comedor correspondentes ao alumnado matriculado no presente curso.

Poderán ser usuarios/as do servizo de comedor os seguintes:

a. O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil.

b. As persoas con responsabilidades na organización do comedor, así como as que colaboren na atención do alumnado durante os días de desempeño efectivo destas tarefas.

c. O persoal de cociña destinado no centro, durante os días de desempeño efectivo do seu

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

d. O persoal Auxiliar Coidador durante o tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

e. O persoal funcionario docente e non docente e o persoal laboral, sempre que existan prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

f. O persoal auxiliar de conversa e o alumnado en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grao equivalente que soliciten o servizo, sempre que, unha vez asignadas as prazas do comedor aos colectivos anteriormente citados, existan aínda prazas libres dotadas economicamente e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención ao alumnado usuario.

g. De maneira excepcional, persoal alleo ó centro que desenvolva algunha labor durante o período lectivo.

Para estes efectos, considérase que existen prazas libres no comedor escolar cando existan prazas vacantes dotadas economicamente, medios persoais dedicados ao servizo e que o permita a capacidade física das instalacións.

No período de adaptación, etapa de Educación Infantil, terase en conta o alumnado de incorporación progresiva e/ou total para número de usuarios/as do servizo.

8. Traslado, xestión e asistencia.

O traslado de alumnado ó comedor será responsabilidade do mestre/a que se atope co grupo na aula ordinaria. O alumnado de Infantil chegará ao comedor 5 minutos antes para axudalos a colocarse nos seus asentos.

O alumnado terá un sitio fixo no comedor que será o mesmo ao longo de todo o curso, exceptuando cambios xustificados que se poidan facer durante o mesmo. Isto é fundamental especialmente para favorecer a localización do alumnado que presenta algunha alerxia ou intolerancia alimentaria.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

Os grupos heteroxénos de alumnado nas mesas do comedor en Educación Infnatil e Primaria crearanse tendo en conta os seguintes criterios:

1. Atender ás necesidades do alumnado máis vulnerable en relación ao momento do comedor.

2. Favorecer que o alumnado de 4° EI sente a carón dos irmáns/irmás no caso de telos dentro da etapa de infantil.

3. Favorecer a paridade dentro dos grupos de mesas de 12 alumnos/as.

4. Favorecer o equilibrio entre niveis dentro de cada grupo/mesa (proporción entre o alumnado de 3, 4 e 5 anos).

Cando o alumnado remate de xantar, irá saíndo do comedor: ao patio ou ás actividades do mediodía.

Cando remate o patio ou as extraecolares, o alumnado será acompañado polo persoal colaborador ou os monitores das actividades ás aulas onde o profesorado se atopará agardando ó grupo unha vez comece a soar a megafonía.

9. Plan de actividades:

O alumnado desenvolverá actividades de carácter extraescolar (municipais) complementarias (propias do centro educativo) cando non estea a facer uso do servizo.

Nos tempo posterior ó servizo de comedor o alumnado poderá desenvolver actividades de ocio e tempo libre.

Dende o centro escolar adquírese material e xogos propios da idade para que o alumnado poida empregar nestes tempos libremente. O alumnado poderá empregar os recursos e zonas de xogo do centro dirixidos a tal fin, tendo en conta as inclemencias climáticas e/ou outras situacións que impliquen modificacións.

O alumnado ten preferencia á hora de empregar os espazos do centro durante o servizo de comedor (aulas libres específicas para tal fin, corredores e patios cubertos).

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

10. Obxectivos do comedor.

O comedor escolar constitúe un espazo educativo no que, ademais de satisfacer as necesidades alimentarias do alumnado, foméntanse hábitos de vida saudables, valores de convivencia e o desenvolvemento persoal.

- Promover hábitos de alimentación saudables, favorecendo unha dieta variada, equilibrada e adaptada ás necesidades nutricionais do alumnado.
- Fomentar a adquisición de bos hábitos de hixiene antes, durante e despois das comidas.
- Desenvolver hábitos de comportamento axeitados na mesa, respectando as normas de convivencia e de cortesía.
- Favorecer a autonomía persoal do alumnado na realización das tarefas propias do comedor, segundo a súa idade e nivel de desenvolvemento.
- Potenciar a responsabilidade individual no coidado do material, das instalacións e na colaboración nas pequenas tarefas de acondicionamento do comedor.
- Promover a inclusión, o respecto á diversidade e a convivencia entre todo o alumnado, favorecendo relacións positivas e o respecto mutuo.
- Desenvolver habilidades sociais como a cooperación, a empatía, a tolerancia, o diálogo e a resolución pacífica dos conflitos.
- Crear un ambiente tranquilo, seguro e agradable que favoreza unha experiencia educativa positiva durante o tempo de comedor.
- Fomentar o respecto polo persoal de cociña, monitoraxe e demais membros da comunidade educativa.
- Sensibilizar ao alumnado sobre a importancia de evitar o desperdicio alimentario e facer un uso responsable dos recursos dispoñibles.
- Favorecer a adquisición de rutinas de orde e limpeza, colaborando, na medida das súas posibilidades, na recollida de utensilios, limpeza das mesas e acondicionamento do espazo.
- Contribuír á educación integral do alumnado, reforzando hábitos, valores e actitudes que favorezan unha vida saudable e unha convivencia positiva.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

11. Normas de convivencia.

O coidado e respecto pola saúde é un dos valores fundamentais e prioritarios do comedor escolar deste centro. O momento de comer promove a creación de hábitos e valores.

As persoas que comparten o tempo de xantar no comedor escolar deberán cumprir as seguintes normas:

- Respectar a hora de entrada no comedor. Entrarase con orde e baixo as indicacións do persoal colaborador.
- Seguir as indicacións que en cada momento lles fagan as persoas encargadas da súa vixilancia ou o persoal de cociña. Se se solicita silencio, deixaranse as conversas para atender ás indicacións.
- Cando un alumno ou alumna necesite avisar a unha persoa colaboradora farao sempre levantando a man, pero nunca alzando a voz.
- Mentres se come poderase falar con normalidade cos compañeiros e compañeiras da propia mesa, sen levantar excesivamente o ton de voz.
- Non está permitido levar obxectos nin introducir ningún tipo de alimento do exterior ao comedor escolar, agás que se teña unha autorización expresa da dirección do centro.
- Non está permitido abandonar o comedor nin levantarse da mesa sen o permiso do persoal colaborador responsable da mesa. En caso de ter que ir ao baño, por causa de indisposición urxente ou enfermidade crónica, será sempre con permiso e vixilancia dalgunha persoa colaboradora.
- A comida repartirase de forma equitativa entre todos os comensais e tendo en conta as proporcións axeitada para a súa idade.
- Incidirase na correcta alimentación, facendo fincapé en que o alumnado probe de todos os pratos, non soamente os que lles gustan, como aplicación da función de aprendizaxe dunha alimentación sa que debe realizar o comedor escolar. O alumno ou alumna que considere que non vai comer dese prato poderá solicitar que se lle sirva só unha pequena cantidade do mesmo.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

- Os alumnos/as comensais de cada mesa encargaranse do uso correcto dos utensilios e material, procurando non deterioralos.
- Cada alumno/a queda obrigado a respectar as normas elementais de urbanidade, sen esquecer a compostura correcta e gardar o debido respecto aos compañeiros.
- Manterán as normas comúns de hixiene durante o transcurso da comida e, antes de saír, procurarán que a mesa quede limpa e sen desperdicios polo chan.
- Cando se produza un accidente, a persoa colaboradora auxiliará ao menor e dará parte á persoa encargada do comedor e á dirección do centro.
- As familias teñen a obriga de avisar de calquera alerxia ou calquera outro problema de saúde que teña relación coa comida. Ademais, deberán revisar os menús cos seus fillos e fillas motivándoos para ter unha actitude positiva ante a comida.
- O alumnado non poderá saír do recinto escolar durante o período do comedor. Se as persoas proxenitoras ou titoras legais veñen recollelos antes de acabar o mesmo será por causa xustificada e seguindo o procedemento xeral establecido no centro: notificación por escrito e/ou telefónica e sinatura do documento existente ao respecto.
- De cometer condutas contrarias ás normas de convivencia durante a súa permanencia no comedor, os alumnos e alumnas poderán ser sancionados seguindo o establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, na que se establecen os dereitos e deberes do alumnado.

O alumnado deberá chegar ó servizo de comedor desenvolvendo previamente o lavado de e emprego de aseo, o cal facilite á xestión de dito servizo e o seguimento polo persoal colaborador, en ambas quendas.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

12. Tipificación de condutas contrarias á convivencia e medidas correctoras.

12.1. Condutas contrarias á convivencia leves

CONDUTAS LEVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	MEDIDAS CORRECTORAS
Desobedecer levemente as indicacións do persoal de cociña e comedor.	Amonestación verbal ao alumno/a. En caso de reiteración, comunicación por escrito.
Entrar e saír do comedor desordenadamente.	
Entrar con obxectos non permitidos (xoguetes, libros...).	
Non comer con corrección ou non facer un uso axeitado dos utensilios.	
Permanecer mal sentados e/ou columpiarse nas cadeiras.	Separación temporal do grupo de referencia e integración noutro.
Facer ruído excesivo, berrar ou falar con alumnos/as doutras mesas.	
Tirar intencionadamente comida ao chan ou a outros/as compañeiros/as.	
Calqueira outra conduta que afecta levemente á integridade, respecto ou saúde das persoas.	Realización de tarefas relacionadas coa conduta contraria á convivencia cometida.

Estas sancións poderán ser impostas polo persoal de comedor.

12.2. Condutas contrarias á convivencia graves.

CONDUTAS GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	MEDIDAS CORRECTORAS
Acumulación de tres condutas contrarias á convivencia leves.	Calquera das contempladas para as condutas contrarias á convivencia leves.
Desobedecer gravemente as indicacións	Amonestación por escrito ao alumno/a.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

do persoal de cociña e comedor.	Comunicación ás persoas proxenitoras ou titoras legais.
Saír do comedor sen permiso.	Separación permanente do grupo de referencia ou da súa mesa de comedor.
Deteriorar a propósito ou por mal emprego o material propio do comedor.	Comer illado dos/das compañeiros/as (ata un máximo de cinco días).
Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.	Expulsión temporal do servizo de comedor.

Estas sancións serán impostas polo equipo directivo do centro e comunicadas ás persoas proxenitoras ou titores legais do alumnado.

12.3. Condutas contrarias á convivencia moi graves.

CONDUTAS MOI GRAVES CONTRARIAS Á CONVIVENCIA	MEDIDAS CORRECTORAS
Acumulación de tres condutas contrarias á convivencia graves.	Calquera das contempladas para as condutas contrarias á convivencia graves.
Saír do centro sen permiso durante o horario de comedor.	Expulsión temporal do servizo de comedor.
Calquera outra conduta que afecte moi gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde das persoas.	Expulsión definitiva do servizo de comedor.

Esta última sanción poderá ser imposta pola Comisión do comedor do centro, previa audiencia das persoas proxenitoras ou titores legais do alumnado.

A persoa encargada de comedor e os colaboradores rexistrarán nun Diario de incidencias aquelas condutas que se produzan no comedor e que se considere oportuno rexistrar.

En casos de accidentes, caídas... cubrirase un documento de incidencias leves ou graves, segundo sexa o caso.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

13. Menús.

13.1. Elaboración, alerxias e intolerancias.

A elaboración dos menús farase de maneira que proporcione ó alumnado unha dieta equilibrada adaptada ás necesidades nutricionais de cada grupo de idade, contribuíndo ó seu mellor desenvolvemento físico, favorecendo tamén á adquisición de hábitos alimentarios saudables.

O menú será único para todos os usuarios/as do comedor escolar, exceptuando os casos nos que se padeza calquera tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria, xustificada mediante certificado médico oficial emitido por un facultativo con diagnóstico médico onde deberá constar:

- As alerxias, intolerancias alimentarias ou outras enfermidades que, así o esixan, que padeza o alumnado (celiaquía, alerxia, intolerancia, diabetes tipo I, hipercolesterolemia, hipertrigliceridemia, disfagia, etc.).
- Os alimentos ou ingredientes que non pode inxerir, os limitados e os permitidos, tipo de substitución, así como a conduta a seguir, en caso de erro.

A Consellería divulgará e fomentará a utilización no comedor escolar de protocolos ou guías, avaliadas por expertos nutricionistas, nos que se recollerán relacións de menús axeitados ás necesidades nutricionais dos escolares segundo os grupos de idade, nas distintas estacións do ano, así como regras de alternancia de alimentos e aportes calóricos dos mesmos. Propiciará accións formativas en nutrición, dietética e tratamento dos alimentos, dirixidas ó persoal dos centros con comedores escolares xestionados pola consellería con responsabilidades de distinto orde na confección e elaboración de menús saudables.

Deste xeito os menús elaborados serán supervisados polo Servizo de Apoio Especial de Nutrición do SERGAS, neste caso ó correspondente Centro de saúde de Abegondo, participando tamén en actividades de formación para a comunidade educativa. Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio do

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

alumnado de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús exporase no interior do colexio e na Web.

No caso de que se realicen modificacións no menú por causas ou non alleas ó centro tentarase a comunicación coas familias a través de medios corporativos.

Contemplaranse menús específicos, adaptados a aquelas intolerancias e alerxias xustificadas cun informe médico. Estas certificacións médicas deberán ser actualizadas todos os anos, agás nos casos en que non sexan permanentes.

Para unha mellor garantía no control das intolerancias, alerxias e diversos problemas nutricionais, o alumnado así diagnosticado aparecerá nunha listaxe dispoñible para a súa consulta polo persoal do comedor, coa súa fotografía e coa intolerancia ou alerxia que presenta. Ademais, permanecerá sentado en lugares concretos para facilitar a súa identificación polas persoas colaboradoras.

En ningún caso se administrarán medicamentos aos nenos e nenas que asistan ao comedor. Así mesmo, as familias non deberán entregar medicamentos ao alumnado. En caso de ser necesario, arbitrarase o procedemento para que os pais, nais ou titores/as legais poidan acceder ao centro para administrarlle a medicación pertinente.

Exceptúase do disposto no parágrafo anterior o alumnado incluído no Programa Alerta Escolar, seguindo en todo momento o protocolo establecido para estes casos.

A estrutura dos menús é a seguinte:

- **Un primeiro prato:** composto basicamente de legumes, verduras e hortalizas.
- **Un segundo prato:** que adoita incluír carne, peixe (procurarase fresco e variado), ovos ou proteína vexetal; acompañado, polo xeral, de guarnición, verduras, hortalizas, pastas, arroz ou patacas.
- **Sobremesa:** que inclúe fundamentalmente froita da tempada ou derivados lácteos como queixo ou iogur, evitando azucre ou produtos procesados. Esta sobremesa é optativa e a opción de froita estará sempre dispoñible, independentemente da posibilidade de sobremesa de tipo lácteo.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

Nos casos de excursión que afecten ao horario do comedor, o centro entregará ao alumnado que sexa usuario do comedor escolar un pícnic para o xantar. As familias poderán rexeitalo na autorización que a persoa titora entregue con anterioridade e, nese caso, descontarase do pagamento ese día de comedor. Preferentemente, a botella de auga non se lles ofrecerá para reducir o consumo de plástico tendo que levar a súa botella persoal dende a súa casa. Cando haxa un imprevisto: eléctrico, ausencia do cociñeiro... poderá cambiar o menú elaborando unha comida sinxela, tal como indica a normativa vixente ou chamando a un restaurante ou empresa alimentaria para poder cubrir o servizo do comedor ese día. Sempre que sexa posible, avisaremos ese día ás familias deste cambio a través de Abalar.

Os menús serán publicados na web do centro para poder consultalos especificando en cada día os 14 alérxenos que a normativa esixe contemplar, as técnicas de preparacións dos mesmos (vapor, cocción...) e tamén se ofrecerán ideas na casa para a elaboración das ceas.

13.2. Hixiene.

O comedor escolar cumprirá os requisitos de control de calidade esixidos pola normativa vixente en materia de hixiene na produción e comercialización dos produtos alimenticios, e na elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas. Someterase ós sistemas de control externo e programas de autocontrol que establezan os procesos de homologación correspondentes.

Os Servizos de Apoio aos Servizos Educativos de cada departamento territorial poderán realizar as inspeccións que consideren oportunas, de xeito aleatorio con ou sen previo aviso aos centros educativos, para valorar cuestións de funcionamento ordinario ou calquera incidencia que se puidera dar.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

13.3. Comidas testemuña.

A recollida e conservación de comidas testemuña por parte dos operadores económicos, está contemplada no Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, artigo 10.3.

As autoridades competentes, en función do risco que presente o establecemento, segundo o tipo de elaboración que realice, o seu sistema de autocontrol e o público o que van destinadas as comidas preparadas, poderán esixir ós responsables dos referidos establecementos, que dispoñan comidas testemuña, que representen as diferentes comidas preparadas servidas consumidores diariamente, e que posibiliten a realización dos estudos epidemiolóxicos que, no seu sexan necesarios.

Estes pratos testemuña estarán claramente identificados e datados, conservados axeitadamente (refrixeración ou conxelación) durante un mínimo de dous días e a cantidade corresponderá a unha ración individual.

Do mesmo xeito, o Real decreto 1086/2020, do 9 de decembro, polo que se regulan e flexibilizan determinadas condicións de aplicación en materia de hixiene; harmoniza os requisitos esixibles ás comidas testemuña nos establecementos de comidas preparadas, así o artigo, refírense á recollida e conservación das comidas testemuña, o que facilitaría a realización do estudio epidemiolóxico en caso necesario

Estas comidas testemuña recolleranse tras a elaboración e estarán claramente identificadas e datas, conservadas en refrixeración a unha temperatura igual ou inferior a catro centígrados durante un mínimo de sete días e a cantidade corresponderá a unha individual de como mínimo cen gramos. Os días que se realicen actividades complementarias dentro do recinto escolar, fóra deste e/ou da localidade, o alumnado que empregue o servizo de comedor fará uso deste por medio de Menú-pícnic.

14. Formas de pago.

É responsabilidade da Dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

longo do curso escolar os impagos dos prezos públicos correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

A tal efecto, antes do 30 de setembro do ano actual a Dirección do colexio especificará a identidade e circunstancias dos comensais. Así mesmo, na última semana de cada trimestre, do curso 2025-2026, a Dirección reportará ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos das Xefaturas Territoriais, calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, para os efectos da oportuna regularización dos pagamentos efectuados e ás decisións de apartamento e perda da praza comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.

- Satisfarase entre o 1 e o 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo de comedor escolar.
- Unha vez elaboradas as listas de comensais admitidos/as, os centros educativos cargaranas, xunto coas características das persoas usuarias sinaladas nas súas autodeclaracións e na documentación achegadas, na aplicación COMEDORES.
- Durante os meses seguintes, os centros de ensino irán confirmando os días de asistencia ao comedor escolar, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, modificacións no tramo de pagamento etc.) que se produza en relación cos comensais.
- Preferiblemente o pagamento realizarase a través do Espazo Abalar.
- A falta de pagamentos dos prezos públicos correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos. Neste senso, constatados a falta de pagamentos dos prezos públicos, a dirección do centro educativo acordará a perda polo/a comensal debedor da súa praza de comedor escolar e a

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

continuación a dita dirección impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

- Pagos duplicados por parte dos usuarios. Na medida do posible, nos casos de duplicidade de pagos por parte dos usuarios, a dirección do centro, unha vez revisado o comprobante desta duplicidade, procederá a compensación dos importes, a través da aplicación de comedores, no mes ou meses seguintes.

15. Faltas de asistencia.

Se o alumnado non vai asistir (imprevistos e/ou outros) a súa ausencia deberá ser trasladada á Secretaría do centro antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto por medio do correo: administracion.ceip.san.marcos@edu.xunta.gal. Tamén se comunicará en dito horario aqueles menús derivados de problemas de saúde os cales impliquen un cambio na dieta por medio deste corre.

Os equipos directivos dos centros de ensino serán responsables de supervisar a correcta utilización dos servizos e da xestión das baixas daqueles usuarios/as que non cumpran a obriga de permanencia e comunicación de ausencias.

As persoas usuarias do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo, e unha vez realizada a comunicación do feito á familia.

16. Altas e baixas no comedor.

Deben notificarse por escrito á dirección do centro.

As prazas de comedor completaranse seguindo o establecido nas Instrucións citadas previamente para o vixente curso escolar. Habendo prazas suficientes, todas as solicitudes serán aceptadas seguindo os requisitos establecidos.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

No caso de que existan prazas ocupadas por alumnado que non teña achegada a documentación completa ou axeitada, e se reciba unha solicitude debidamente presentada e acompañada da documentación correspondente, o alumnado sen documentación poderá ser dado de baixa do servizo, coa finalidade de adxudicar a praza a quen cumpra os requisitos recollidos na normativa vixente.

O pagamento realizarase mensualmente mediante o ingreso da taxa correspondente a cada mes. O ingreso efectuarase nos primeiros vinte días do mes seguinte á prestación do servizo de comedor.

No caso de que o pagamento non se realice a través da aplicación Abalar, unha copia do xustificante de ingreso deberá remitirse ao centro, preferiblemente por vía telemática, ao correo electrónico do centro. Este requisito é indispensable para poder facer uso do servizo de comedor.

No caso de que non conste o pagamento do servizo, o alumno ou alumna non poderá facer uso do comedor ata que se xustifique o correspondente ingreso.

17. Xestión económica do comedor.

Corresponde ás comunidades educativas dos centros educativos, representadas polos respectivos consellos escolares, a organización, administración e xestión económica dos comedores escolares xestionados pola consellería competente en materia de educación.

A xestión económica do comedor escolar, ademais de constar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, levarase un rexistro de gastos e un rexistro de ingresos do servizo de comedor escolar, cuxa xustificación será presentada cada trimestre e ao final de cada curso escolar, xunto coas facturas e demais documentos acreditativos dos ingresos percibidos e dos gastos realizados, polo/a director/a do centro docente ao Servizo de Apoio aos Servizos Educativos do departamento territorial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar.

Campo da Feira s/n
15318 Abegondo (Santaia)
881880201 2981 669450
ceip.san.marcos@edu.xunta.gal
https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmarcos/

18. Marco legal e bibliografía.

- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.
- Real Decreto 315/2025, do 15 de abril, polo que se establecen normas de desenvolvemento da Lei 17/2011, do 5 de xullo, de seguridade alimentaria e nutrición, para o fomento alimentación saudable e sostible en centros educativos.
- Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación.
- Orde 21 febreiro 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Orde 13 de xuño de 2008 pola que se modifique a de 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, o funcionamento e a xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes desta consellería.
- Instrucción 1/2026, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, do 1 de xuño, sobre o funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2026-2027.
- Orde do 8 de setembro de 2022, que desenvolve o Decreto 229/2011 de atención á diversidade.
- V Convenio Colectivo Único del personal laboral de la Xunta de Galicia.
- Relación de Puestos de Trabajo (RPT) y Manual de Funciones de la Xunta de Galicia.
- Guía de axuda para programar os menús escolares. Suxestións e ideas para mellorar a calidade nutricional.
- Portal do Sergas sobre alimentación escolar.